

# Curso de preparación exame CPE de Cambridge

**TIPO: Anual**

DURACIÓN: 110 horas

LUGAR: Campus de Vigo.

## Obxectivos

Curso de inglés para a preparación do exame *Proficiency in English* (CPE) outorgado pola *University of Cambridge ESOL Examinations*.

O exame corresponde ao nivel C2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, segundo o cal o nivel adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender con facilidade practicamente todo o que oe ou le; cando sabe reconstruír a información e os argumentos procedentes de diversas fontes, xa sexan en lingua falada ou escrita, e presentalos de maneira coherente e resumida; e cando pode expresarse espontaneamente, con gran fluidez e cun grao de precisión que lle permite diferenciar pequenos matices de significado incluso en situacións de maior complexidade.

O exame divídese en catro partes; Reading & Use of English, Writing, Listening & Speaking.

## Como acceder

O requisito para acceder ao curso é que as/os solicitantes teñan coñecementos básicos de inglés, que deberá acreditarse aportando un certificado de nivel C1 ou a través da realización dunha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos:

- Certificado C1 da EOI
- Trinity College ISE III
- Certificado CAE de Cambridge.
- Puntuación de 7-8 no exame IELTS
- Acreditación de C1 expedida polo Centro de Linguas
- Acreditación de C1 CertAcles

## **Certificados**

- CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

## **Prezos \*\***

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 429 €

Público en xeral: 520 €

## **Outros datos de interese**

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

O exame realízase na Escola Rosalía de Castro, Bembrive, Vigo.

\* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.

**\*\*O prezo do exame non está incluído no curso**